



CULLEREDO
CONCELLO

Conservatorio Profesional de Música

Programación DIDÁCTICA

REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PIANO

Conservatorio Profesional de
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30
15670 O BURGO-CULLEREDO
Tfno. 981.667798
e-mail: conservatorio@culleredo.es
www.culleredo.es

INTRODUCCIÓN COVID

No presente curso 2021 / 2022 contemplárase o disposto nas Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021 / 2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, así como o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021 / 2022.

Realizarase unha avaliación inicial durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitirán identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar decisións de actuación por parte do profesorado.

A programación contempla o ensino presencial. No caso de que a situación sanitaria o requira, contemplárase o ensino semipresencial ou non presencial. Nestes casos seguirán vixentes os contidos, obxectivos e criterios de avaliación que constan na programación, sen prexuízo das adaptacións que se consideren chegado o caso.

No caso de que un alumno, alumna ou profesor se atope nunha situación de cuarentena preventiva, as clases desenvolveranse de modo telemático no mesmo horario que o alumno/a tiña asinado anteriormente. Para a realización destas clases, utilizaranse as aplicacións da plataforma Google Workspace activadas polo centro. Utilizaranse, se é o caso, a dixitalización de partituras, gravacións de audio e vídeo tanto polos docentes como polo alumnado e a comunicación co alumnado por medio do correo electrónico corporativo.

Seguindo as indicacións do profesor, na parte práctica da materia, o alumnado enviará arquivos de vídeo ou audio coas tarefas propostas ao correo electrónico corporativo do profesorado. No caso das tarefas teóricas, o alumnado realizará os traballos correspondentes e enviará un arquivo de imaxe ou pdf ao correo corporativo do profesor. O alumnado respectará os prazos, formatos e protocolos establecidos. Nas vídeo conferencias para as clases non presenciais, o alumnado deberá ter a súa cámara e audio acendidos, agás nos casos que as deficiencias técnicas non o permitan.

Os procedementos de avaliación serán os dispostos na programación, xa que tanto no caso de ensino presencial como non presencial, considérase que se poden manter os contidos e obxectivos reflectidos na mesma.

INTRODUCCIÓN

A materia de repentización, ó longo dos 3 cursos nos que se imparte pretende globalizar os diversos compoñentes que a integran (improvisación, lectura á vista, realización de cifrados, transposición, etc.) arredor de tres eixes principais: unha certa destreza na técnica de execución, ou, o que vén ser o mesmo, un certo grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determina, adquirida mediante a práctica diaria ó longo dos anos intermedios da educación instrumental e que a repentización e o acompañamento veñen potenciar; plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos e a capacidade creativa para desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

*Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas pezas musicais que permitan, por medio de ambos os dous procedementos, obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.

*Práctica da repentización como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que lle permitan ó instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando ó propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto á época e ó estilo ó que pertenza. Polo tanto, non se trata soamente de incrementar a capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senón de comprender o sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se le a obra. Por iso, a repentización está estreitamente relacionada coa análise, o que, á vez, depende de toda unha serie de coñecementos teórico-prácticos previamente adquiridos.

*Destreza na transposición como mecanismo que permite adecuar a tonalidade á tesitura do solista -fundamentalmente na música vocal-, facilita a lectura de partituras de orquestra e, ademais do seu valor funcional, posúe un alto valor formativo que procede, por unha parte, do dominio dos procedementos tradicionais (cambio de claves e armadura, cálculo do número de diferenzas) e, por outra parte, do enfoque sintético que achega a lectura harmónica, grazas ó cal, a estrutura interna dun fragmento musical pode ser interpretada en calquera tonalidade.

*Realización de cifrados (baixos cifrados, cifrado americano, cifrado funcional), como práctica de acompañamento a unha melodía. Esta práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por esixir un certo grao de creatividade, supón ademais, como se dixo anteriormente, un contacto preliminar á improvisación, cuxo estudo en profundidade poderase abordar dentro do grao superior.

OBXECTIVOS COMÚNS

O ensino da repentización e acompañamento no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura á primeira vista.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

CONTIDOS COMÚNS

Improvisación.

- Exercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade.
- Estructuras harmónicas básicas elaborando frases, breves fragmentos e pequenas pezas.
- Estructuras rítmicas básicas: descrición da estrutura rítmica e realización de estruturas rítmicas de acompañamento e de solista.
- Análise de frases-modelo de diferentes tipos.
- Subdivisión interna da frase.
- Proceso pregunta-resposta de acordo coas estruturas harmónicas.

Repentización.

- A lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica.

- Introducción á lectura harmónica.
- Análise harmónico-formal, melódico-rítmica aplicada á repentización.
- Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
- Lectura harmónica de partituras do ámbito tonal.
- Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.
- Repentización de partituras de diferentes estilos e épocas.
- Repentización con carácter de acompañante ou non.
- Práctica do piano a catro mans. Transposición.
- Transporte na música actual.
- Transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos.

Transporte.

- Técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas, etc., e a súa utilidade.
- Os instrumentos transpositores.
- Lectura e transporte harmónico de partituras.
- Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade. Baixo cifrado.
- Aproximación ao cifrado harmónico.
- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades e sétimas na harmonía tonal.
- Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas.
- Introducción ao cifrado americano.
- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado.
Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música e determinar os diferentes tratamentos a que esta foi sometida polo compositor para a realización da obra.
- Realización práctica de estruturas de catro ou oito compases, semicadencial ou de cadencia perfecta.
Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental esquemas harmónicos cadenciais de duración breve empregando acordes en estado fundamental e partindo, como modelo de traballo, da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, nos cales os devanditos esquemas eran paradigmáticos.

- Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases empregando inversións dos acordes básicos.
Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental, a partir da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, esquemas harmónicos en que se poida apreciar a súa progresiva asimilación das posibilidades expresivas das distintas inversións dos acordes empregados.
- Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, empregando inversións dos acordes básicos, utilizando diferentes formulacións rítmicas.
A finalidade deste criterio é avaliar a habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos cales se empreguen inversións dos acordes básicos, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.
- Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases introducindo apoios e retardos.
Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para enriquecer a realización dos diferentes esquemas harmónicos por medio da introdución de apoios e retardos, dado o seu alto contido harmónico.
- Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases introducindo apoios e retardos, utilizando diferentes formulacións rítmicas.
Con este criterio poderase avaliar a habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos cales se introduzan apoios e retardos que modifiquen, enriquecéndoa, a estrutura básica, dado o seu alto significado harmónico, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.
- Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, introducindo dominantes secundarias ou de paso.
Mediante este criterio poderá avaliarse a capacidade do alumnado para realizar estruturas harmónicas evolucionadas, por medio da introdución de dominantes secundarias ou de paso que enriquezan e amplíen o seu campo tonal.
- Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, introducindo dominantes secundarias ou de paso, e utilizando diferentes formulacións rítmicas.
Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos dunha proposta tonal enriquecida mediante a introdución de dominantes secundarias ou de paso, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.
- Superposición, a unha estrutura harmónica de catro ou oito compases, dunha estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta-resposta.
Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para crear, a partir de esquemas harmónicos dados, diferentes estruturas melódicas consecuentes a estes, así como a súa habilidade para organizar de forma lóxica o fraseo resultante, a través do emprego de elementos e procedementos que se poidan

- organizar en forma de pregunta-resposta.
- Transposición a distintos intervalos dunha estrutura harmónica de oito compases sen que se inclúan inversións de acordes.
Trátase de avaliar o grao de adquisición por parte do alumnado do dominio por igual de todas as tonalidades, non tanto por medio da complexidade resultante dun transporte nota-a-nota, coa conseguinte lectura en diferentes claves e armaduras, como da transposición a distintos intervalos de diferentes estruturas harmónicas, idénticas en todas elas.
 - Realización no instrumento dunha estrutura harmónica de oito compases, previamente escrita, nunha tonalidade concreta.
Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para interpretar unha estrutura harmónica previamente composta e escrita por el mesmo, así como avaliar o grao de adquisición dunha técnica básica, tanto escrita como práctica.
 - Lectura harmónica dun fragmento sinxelo de partitura para teclado.
Mediante este criterio poderanse avaliar os coñecementos analíticos do alumnado no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado principalmente na eliminación de todo o que non sexa esencial desde o punto de vista das devanditas estruturas.
 - Repentización dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos como música de cámara ou acompañante. Práctica do piano a catro mans.
Trátase de avaliar o grao de desenvolvemento dos reflexos e demais calidades que son estimuladas no alumnado a través da lectura improvisada formando parte dun grupo de instrumentistas.
 - Lectura de corais a catro claves.
Mediante este criterio de avaliación trátase de valorar o grao de desenvolvemento no alumnado da capacidade para ler en varias claves simultaneamente, práctica propedéutica para a lectura de cuartetos e outras formacións camerísticas así como de partituras orquestrais.
 - Lectura de cuartetos de corda, especialmente, e doutras formacións de música de cámara.
Mediante este criterio de avaliación preténdese valorar a destreza do alumno para ler partituras camerísticas adaptándoas ás peculiaridades e características propias do piano.
 - Iniciación na lectura de partituras orquestrais.
Mediante este criterio de avaliación preténdese valorar a capacidade do alumno e alumna para ler fragmentos de partituras sinxelas de orquestra nas cales interveña un ou varios instrumentos transpositores, adaptándoas ás peculiaridades e características propias do instrumento.

RECURSOS

Colaboración entre seminarios: Piano, Harmonía, Fundamentos de Composición, Linguaxe musical...

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, formativa e personalizada, adaptándose ós criterios de avaliación establecidos, debendo de completarse o programa mínimo esixido.

Valoración da participación nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesor.

Trimestralmente avaliaranse os distintos apartados tal e como se recollen nos criterios de avaliación específicos para cada curso.

REQUISITOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Para obter unha cualificación positiva en cada un dos cursos dos distintos graos nos que se imparte a materia, establécense os seguintes requisitos mínimos:

Completar o programa establecido para cada curso académico, tal e como especifican os criterios de avaliación. De non completarse éste, o profesor determinará a forma de recuperación.

PRIMEIRO CURSO (4º GP)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Empregar a lectura á vista como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos, utilizando os recursos técnicos de execución adquiridos na materia do instrumento.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura á primeira vista.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

CONTIDOS MÍNIMOS

Repentización e Improvisación.

- Desenvolvemento da lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica.
- Introducción á lectura harmónica. Toma de contacto.
- Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
- Lectura harmónica básica de fragmentos do ámbito tonal.
- Introducción á Repentización de partituras.
- Repentización con carácter de acompañante ou non.
- Práctica do piano a catro mans, en concordancia co nivel.
- Introducción á improvisación rítmica e melódica.
- Introducción ao cifrado americano.
- Coñecemento dos cifrados básicos máis habituais na música lixeira.
- Realización de cancións sinxelas de repertorio con ritmos variados e harmonías básicas.
- Exercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade, axeitadas ao nivel.
- Estructuras rítmicas básicas: descrición da estrutura rítmica e toma de contacto coa realización de estruturas rítmicas de acompañamento e de solista.
- Análise de frases-modelo de diferentes tipos.
- Subdivisión interna da frase.
- Lectura de Corais a dúas ou catro claves.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler partituras a primeira vista: constata-la capacidade do alumno para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto instrumental.
- Interpretar a primeira vista fragmentos ou pequenas obras a catro mans, cun breve tempo de preparación.
- Analizar estruturas harmónicas sinxelas.
- Identificar auditivamente os elementos e procedementos utilizados tanto na lectura a vista como no contexto da improvisación.
- Realizar exercicios de enlaces de acordes, tendo un breve tempo para situarse.
- Ler partituras de corais a dúas ou catro claves.
- Realizar exercicios de lectura empregando o cifrado americano, cun breve tempo de preparación.

Criterios de cualificación

Improvisación: 25%.

Repentización: 25%.

Transposición: 25%.

Baixo cifrado: 25%.

METODOLOXÍA

A metodoloxía do primeiro curso de Acompañamento basearase nos seguintes puntos:

- Improvisación.- Práctica de exercicios sinxelos escritos e improvisados ao piano sobre bases harmónicas, motivos, esqueletos melódicos e melodías.
- Melodía acompañada.- Improvisación e escritura de acompañamentos a melodías dadas, sempre acordes ao nivel.
- Cifrado americano.- Introducción ao coñecemento e práctica de acompañamentos de temas donde está escrito o mesmo e o cifrado, acompañando ou non, a un solista.
- Jazz-Blues.- Práctica de exercicios básicos baseados na estrutura do “blues”.
- Repentización.- Introducción á lectura a primeira vista a través de exercicios preparatorios.

Práctica na lectura a vista de textos musicais escritos para piano de diferentes épocas e estilos, como solista ou cuxa función sexa a de acompañar a un solista.

- Transposición.- Práctica da técnica e mecánica do transporte mental e escrito. Transporte de textos musicais escritos para piano de diferentes épocas e estilos cuxa función sexa a de acompañar.

- Redución de dúos.-

- Realización de exercicios preparatorios de lectura de dúos.
- Redución pianística dos mesmos.

-Análise.- Análise práctico de todos os contidos rítmicos, melódicos, harmónicos e formais do curso.

En cada clase o profesor comprobará o traballo realizado polo alumno durante a semana e programará o estudo do mesmo ata a seguinte clase.

O profesor reforzará as explicacións teóricas coa realización instrumental dos exercicios e temas ou obras que o alumno debe preparar.

Poderanse empregar gravacións de audio como complemento do ensino.

Relación das probas de COÑECAMENTOS MÍNIMOS para os alumnos que acceden ós diferentes cursos de REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO de grao profesional:

Acceso ó 5º curso de grao profesional:

Lectura a primeira vista dunha partitura dada polo tribunal.

Lectura a primeira vista dun coral de 4 voces en dúas ou catro claves.

Transposición dun fragmento a distancia de segunda maior ascendente ou descendente, segundo o considere o tribunal.

SEGUNDO e TERCEIRO CURSO (5º e 6º GP)

Os contidos do Acompañamento en grao profesional foron establecidos non só polo seu valor de preparación para coñecementos que poidan adquirirse en tramos posteriores dentro dunha elección propia de especialización profesional, senón tamén polo valor intrínseco que representan na formación dun pianista. Por esta última razón, permanecen dentro do marco de coñecementos considerados indispensábeis para satisfacer as necesidades habituais do instrumento.

Obxectivos

O ensino do Acompañamento no grao medio terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Recoñece-la estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- b) Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- c) Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- d) Coñece-la disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- e) Demostra-los reflexos necesarios para resolver, no momento, as posíbeis eventualidades que podan xurdir na interpretación.
- f) Valora-la improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- g) Emprega-la lectura a vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- h) Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

Contidos

Improvisación.

-Ejercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade (segundo o curso). Estructuras harmónicas básicas elaborando frases, breves fragmentos e pequenas pezas. Estructuras rítmicas básicas: descripción da estrutura rítmica e realización de estruturas rítmicas de acompañamento e de solista (dificultade presentada segundo o curso). Análise de frases modelo de diferentes tipos. Subdivisión interna da frase. Proceso pregunta-resposta de acordo coas estruturas harmónicas sinxelas (5º curso) ou complexas (6º curso).

Repentización.-A lectura á vista e a súa aplicación práctica. Introducción á lectura harmónica. Análise harmónico-formal- melódico -rítmico aplicado á repentización (6º curso).

Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos. Lectura harmónica de partituras do ámbito tonal. Interpretación dos elementos sustanciais derivados do análise. Repentización de partituras de diferentes estilos e épocas (dificultade presentada segundo o curso).

Repentización con carácter de acompañante ou non. Práctica do piano a catro mans sen ningún tipo de tempo de ubicación previa (6º curso).

Transposición.-O transporte na música actual. O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos. Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos. Técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas... e a súa utilidade práctica.

Os instrumentos transpositores (6º curso).

Lectura e transporte harmónico de partituras. Transporte de fragmentos breves (5º curso) ou longos (6º curso) a calquera tonalidade.

Baixo cifrado.-Profundización no cifrado harmónico. Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríadas e sétimas na harmonía tonal

(5º curso). Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas complexas (6º curso). Profundización ao cifrado americano. Utilización e significado dos cifrados básicos máis habituais na música "lixreira". Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas (5º curso) e complexas (6º curso).

Criterios de avaliación

1. Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de dificultade acorde ao curso de partitura para teclado.-Mediante este criterio poderase avalia-la capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música e determinar os diferentes tratamentos a que a mesma foi sometida polo compositor para a realización da obra.

2. Realización práctica de estruturas de catro ou oito compases, semicadencial ou de cadencia perfecta.-Trátase de avalia-la capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental esquemas harmónicos cadenciais de duración breve empregando acordes en estado fundamental e partindo, como modelo de traballo, da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, nos que ditos esquemas eran paradigmáticos.

3. Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases empregando inversións dos acordes básicos (5º curso) e do resto de acordes (6º curso).-Mediante este criterio poderase avalia-la capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental, a partir da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, esquemas harmónicos nos que poida apreciarse a súa progresiva asimilación das posibilidades expresivas das distintas inversións dos acordes empregados.

4. Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, empregando inversións dos acordes básicos (5º curso) e do resto de acordes (6º curso), empregando diferentes formulacións rítmicas.-A finalidade deste criterio é avalia-la habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes

realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos que se empreguen inversións dos acordes, así como avalia-lo grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

5. Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases introducindo apoiaturas e retardos (5º curso) ou introducindo calquera tipo de ornamento.-Con este criterio preténdese avalia-la capacidade do alumnado para enriquecer a realización dos diferentes esquemas harmónicos por medio da introdución de apoiaturas, retardos e outros adornos, dado o seu alto contido harmónico.

6. Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases introducindo apoiaturas e retardos (5º curso) e calquera tipo de ornamento (6º curso), empregando diferentes formulacións rítmicas.-Con este criterio poderase avalia-la habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos que se introduzan adornos que modifiquen, enriquecéndoa , a estrutura básica, dado o seu alto significado harmónico, así como avalia-lo grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

7. Realización práctica de estruturas harmónicas sinxelas (5º curso) ou complexas (6º curso) de catro ou oito compases, introducindo dominantes secundarias ou de paso.-Mediante este criterio poderá avaliarse a capacidade do alumnado para realizar estruturas harmónicas evolucionadas, por medio da introdución de dominantes secundarias ou de paso que enriquezan e amplíen o campo tonal das mesmas.

8. Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases, introducindo dominantes secundarias ou de paso, e utilizando diferentes formulacións rítmicas, adaptadas ao nivel.-Mediante este criterio preténdese avalia-la capacidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos dunha proposta tonal enriquecida mediante a introdución de dominantes secundarias ou de paso, así como avalia-lo grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica. Os exercicios estarán sempre en correspondencia ao nivel do curso do que se trate.

9. Superposición a unha estrutura harmónica de catro ou oito compases, dunha estrutura melódica sinxela (5º curso) ou complexa (6º curso) de acordo cos principios xerais de pregunta-resposta.-Este criterio pretende avalia-la capacidade do alumnado para crear, a partir de esquemas harmónicos dados, diferentes estrutura s melódicas consecuentes aos mesmos, así como a súa habilidade para organizar de forma lóxica o fraseo resultante, a través do emprego de elementos e procedementos que poidan organizarse en forma de pregunta-resposta.

10. Transposición, axeitada ao nivel, a distintos intervalos dunha estrutura harmónica de oito compases na que se inclúan inversións de acordes.-Trátase de avalia-lo grao de adquisición por parte do alumnado do dominio por igual de todas as tonalidades, non tanto por medio da complexidade resultante dun transporte nota-a-nota, coa conseguinte lectura en diferentes claves e armaduras, como da transposición a distintos intervalos de diferentes estrutura s harmónicas, idénticas en todas elas.

11. Realización no instrumento dunha estrutura harmónica de oito compases,

previamente escrita, nunha tonalidade concreta.-Trátase de avalia-la capacidade do alumnado para interpretar unha estrutura harmónica previamente composta e escrita por el mesmo, así como avaliar o grao de adquisición dunha técnica básica, tanto escrita como práctica.

12. Lectura harmónica dun fragmento sinxelo (5º curso) ou complexo (6º curso) de partitura para teclado.-Mediante este criterio poderanse avalia-los coñecementos analíticos do alumnado no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado principalmente na eliminación de todo o que non sexa esencial desde o punto de vista de ditas estruturas.

13. Repentización dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos como música de cámara ou acompañante. Práctica do piano a catro mans.-Trátase de avalia-lo grao de desenvolvemento dos reflexos e demais cualidades que son estimuladas no alumnado a través da lectura improvisada formando parte dun grupo de instrumentistas.

14. Realización, cun ritmo básico (5º curso) ou complexo (6º curso), dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira elixida previamente, na que só aparezan a melodía e o cifrado americano.-Mediante este criterio de avaliación trátase de avalia-lo grao de desenvolvemento no alumnado da capacidade para dar forma instrumental a través da descodificación do cifrado da súa harmonización, segundo sistema americano, así como o coñecemento deste e a soltura no seu manexo.

15. Realización, cun ritmo básico ou complexo (5º – 6º curso respectivamente) e incluíndo a melodía, dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira elixida previamente, na que só aparezan a melodía e o cifrado americano.-Mediante este criterio trátase de avalia-la capacidade do alumnado non só na elaboración dun acompañamento a partir da descodificación dun cifrado de tipo americano, senón tamén de executar a melodía de forma simultánea.

16. Lectura de corais a catro claves.- Mediante este criterio de avaliación trátase de valora-lo grao de desenvolvemento no alumno da capacidade para ler en varias claves simultaneamente, práctica propedéutica para a lectura de cuartetos e outras formacións camerísticas así como de partituras orquestrais.

17. Lectura de cuartetos de corda, especialmente, e doutras formacións de música de cámara (6º curso). – Mediante este criterio de avaliación preténdese valora-la destreza do alumno para ler partituras camerísticas adaptándoas as peculiaridades e características propias do piano.

18. Iniciación na lectura de partituras orquestrais (6º curso).- Mediante este criterio de avaliación preténdese valora-la capacidade do alumno para ler fragmentos de partituras sinxelas de orquestra nas que interveña un ou varios instrumentos transpositores, adaptándoas as peculiaridades e características propias do piano.

Criterios de cualificación

Improvisación: 25%.

Repentización: 25%.

Transposición: 25%.

Baixo cifrado: 25%.

METODOLOXÍA

A metodoloxía do segundo e terceiro cursos de Acompañamento (5º e 6º de GP) basearase nos seguintes puntos:

- Improvisación.- Práctica de exercicios escritos e improvisados ao piano sobre bases harmónicas, motivos, esqueletos melódicos e melodías.
- Melodía acompañada.- Improvisación e escritura de acompañamentos a melodías dadas, axeitadas ao nivel.
- Cifrado americano.- Práctica de acompañamentos de temas donde está escrito o mesmo e o cifrado, acompañando ou non, a un solista.
- Jazz-Blues.- Práctica de exercicios baseados na estrutura do “blues”.
- Repentización.- Profundización na lectura a primeira vista a través de exercicios diversos, axeitados ao nivel.

Práctica na lectura a vista de textos musicais escritos para piano de diferentes épocas e estilos, como solista ou cuxa función sexa a de acompañar a un solista, axeitada ao nivel.

-Transposición.- Práctica da técnica e mecánica do transporte mental e escrito. Transporte de textos musicais escritos para piano de diferentes épocas e estilos cuxa función sexa a de acompañar, sen tempo de preparación.

- Redución de dúos.-

- Realización de exercicios complexos de lectura de dúos.
- Redución pianística dos mesmos.

-Análise.- Análise práctico de todos os contidos rítmicos, melódicos, harmónicos e formais do curso.

En cada clase o profesor comprobará o traballo realizado polo alumno durante a semana e programará o estudo do mesmo ata a seguinte clase.

O profesor reforzará as explicacións teóricas coa realización instrumental dos exercicios e temas ou obras que o alumno debe preparar.

Poderanse empregar gravacións de audio como complemento do ensino.

Bibliografía orientativa a empregar

Oltra, M.: Ejercicios de acompañamiento. Ed. Boileau. Barcelona.

Doupond, G.: Método de transposición. Ed. Boileau. Barcelona.

Diabelli, A.: Sonatas para piano a 4 manos. E. Peters. Leipzig.

Mozart, W.: Eine kleine Nachmusic. Ed. Barenreiter. Kassel.

Adalid, M.: Mélodies pour chant e piano. Fundación Barrié.

Varios: Real Book.

Varios. 100 éxitos de siempre. Ed. Musica del Sur.

Williart, C.: Tratado de acompañamiento. Ed. Real Musical. Madrid.

Asins Arbó e outros: El acompañamiento de la melodía. Ed. Real Musical. Madrid.

Asins Arbó e outros: Bajo cifrado barroco. Ed. Real Musical. Madrid.

Exercicios do profesor.

PROCEDEMENTOS DE ACCESO AO CURRÍCULO, SE É O CASO, PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE PIANO.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescritivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Neste mesmo sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista o establecido no decreto en referencia a que a finalidade do Grao Profesional deberá ser a de proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas está suxeita ás limitacións impostas por estas finalidades.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o apoio das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo e apoio educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescritivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos mais altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

ACTIVIDADES CULTURAI E PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS PROGRAMANDAS POLO DEPARTAMENTO.

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Poderá plantesarxe como actividade complementaria a colaboración dos alumnos desta materia acompañando aos mais novos nos concertos, de forma que poñan en valor a utilización dos recursos aprendidos ao longo do curso

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

O departamento encargarse de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolto e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

PROCEDIMENTO DE AUTOAVALIACIÓN

O departamento ao que pertence a materia de Acompañamento valorará e revisará anualmente no remate do curso académico o grao de eficacia e rendemento obtido a partires da presente programación didáctica. Para elo poderase realizar unha consulta escrita a xeito de cuestionario entre o alumnado, ademais de analizar e valorar os resultados acadados na derradeira avaliación por parte do alumnado, e de selo caso, adoptar as medidas necesarias encamiñadas para a mellora deste documento.